

Ledicia Costas (Vigo, 1979) é unha das voces emerxentes dunha xeración de escritores/as galegos que comezaron a publicar as súas primeiras obras no século XXI. Tras da obtención do Premio Merlín con Escarlatina, a cocineira defunta (Edicións Xerais), xa prepara a saída do prelo do que será o seu primeiro libro "para adultos": oito relatos ambientados na Segunda Guerra Mundial, reunidos baixo o título de Un animal chamado néboa.

LOURDES VARELA

– De primeiras, defuntos e receitas de cociña non semellaría as temáticas máis axeitadas para atraer a lectura dos rapaces. Sen embargo, Vde. gañou o Premio Merlín con esta novela. Como xurdiu a historia de Escarlatina, a cocineira defunta e por que a elección desa temática?

– Coido que no momento de enfrontarse á escrita dunha obra, o problema non é tanto a temática, senón atopar o xeito de contar a historia. *Escarlatina, a cocineira defunta* é unha obra moi fiel co meu propio imaxinario infantil. Quixen escribir unha historia de humor macabro, unha aventura disparatada con personaxes histriónicos e divertidos. Mostrar o Alén Mundo e a vida dos defuntos de xeito canalla e tratar de xeito natural o tema da perda. E no centro puxen a gastronomía como fio condutor que vai guiando a historia. En realidade son dous libros que conviven e interactúan un co outro: un recetario de cociña e unha novela sobre a morte, mais tamén sobre o gran valor que teñen os momentos compartidos cun ser querido.

– Como se desenvolveu o traballo co ilustrador do libro, Víctor Rivas. O estilo e o tipo de ilustracións foron ideas súas ou deixoulle a Víctor "vía libre"?

– Coido que cada persoa é profesional no seu. Eu limiteime a escribir a historia. Cando desde a editorial lle fixeron a encarga de ilustrar *Escarlatina*, sabía que Víctor faría un traballo impecable, que sería quen de recrear todo o imaxinario do Alén Mundo. Manexa realmente ben as estéticas victorianas. E así foi: Víctor leu a novela e construíu o Inframundo e os personaxes do libro desde o seu criterio, cun resultado excelente. Mais é certo que foi un traballo compartido no sentido de que el foi enviándonos, tanto á editora como a min, cada unha das ilustracións, desde que eran só bosquejos. Esa xenerosidade do ilustrador converteu a edición da obra nun proceso especialmente emocionante.

– A maioría dos escritores galegos de literatura infantil e xuvenil son tamén mestres en escolas e insitutos e quizais teñen vantaxe á hora de escribir sobre o que lle gusta ler aos rapaces. Pero ese non é o seu caso: Como "averigua" Vde. cales son as historias (e o xeito de contalas) que lles poden gustar a este tipo de lectores "virxes"?

– Son unha escritora que funciona basicamente por instinto. Cando se me ocorre unha historia e afronto o desafío de escribila, é porque me seduce. O meu obxectivo é poñer todo da miña parte para conseguir que seduzza tamén o lectorado. Concido cada libro coma un novo reto, necesito escribir sen trabas, deixar que a historia me sorprenda primeiro a min, para conseguir tamén sorprender ao público. Non creo nas receitas para escribir obras de lix nin nas fórmulas máxicas. No que si creo é nun lectorado intelixente, ao que hai que ofrecerlle historias que estean á súa altura, que axuden a fomentar a súa capacidade crítica. Escribo sempre con base neses criterios.

– Coida que a estas alturas xa se superaron os prexuízos que algúns apuntan (ou apuntaban) sobre que a literatura infantil/xuvenil é unha literatura menor ou aínda queda moito camiño por andar?

– Como se pode catalogar á literatura infantil e xuvenil coma unha "literatura menor" cando precisamente é a literatura que crea lectores? Amó-



Ledicia Costas - ESCRITORA. PREMIO MERLÍN 2014

“Son unha escritora que funciona por instinto”

lanme este tipo de definicións. Para min é unha "literatura maior", unha literatura que axuda a construír. Paréceme un contrasentido estar reclamando a existencia de público, dunha base lectora, e logo estar desprestixiando o xénero que precisa-

mente exerce esa función desde as escolas. É tirar pedras contra o noso propio tellado. En Galicia faise literatura infantil e xuvenil de calidade. Sen ir máis lonxe, temos catro premios nacionais: Agustín Fernández Paz (que tamén é Premio Iberoame-

mellor mostra ca eles! Eu sinto orgullo de contar con eles nas nosas letras e orgullo de escribir literatura infantil e xuvenil.

– De que autores/as da literatura infantil/xuvenil reconece as influencias no seu xeito de escribir?

– As influencias, no meu caso, case sempre son inconscientes. Mais é certo que en *Escarlatina, a cocineira defunta*, dalgún xeito quixen render homenaxe a varios autores e autoras irreverentes que me acompañaron durante a infancia e a adolescencia: Roah Dahl, Angela Sommer-Bodenburg, Christine Nöstlinger e tamén directores coma Tim Burton, Akira Toriyama ou Hayao Miyazaki. Moitos outros axudaron á miña construción como lectora e imaxino que agroman desde o subconsciente cando escribo: Agustín Fernández Paz, ao que cheguei sendo alumna de instituto co seu coñecidísimo *Cartas de inverno*, que me fascinou, Astrid Lindgren, Michael Ende, James Riordan, Dyanne Wynne Jones... a lista é moi extensa. Tamén intento estar ao día do que vai saíndo publicado en Galicia. Interésame e valoro o traballo que fan os meus compañeiros e compañeiras de profesión.

– Teño entendido que a súa próxima obra será un libro para adultos. Pódenos ofrecer un adianto?

– A próxima obra titúlase *Un animal chamado néboa*. Son oito relatos ambientados na Segunda Guerra Mundial. Partindo de distintos episodios deste conflito (o cerco de Leningrado, as bombas atómicas, os campos de concentración, etc.) fun construíndo a ficción. Mais sempre tratando de ser fiel á realidade do contexto histórico. Apoeime en ensaios, documentais, informes e outros materiais que empreguei como guías sobre as que establecer as bases das diferentes historias. Quixen abordar a Segunda Guerra Mundial de forma directa, sen panos quentes nin concesións. E iso foi duro. Sairá do prelo a primeiros do ano vindeiro.

– Escribir "para adultos" supúxolle un esforzo engadido ou, simplemente, un novo xeito de afrontar a creación literaria?

– O nivel de esixencia como autora cando afronto unha obra infantil ou xuvenil é exactamente o mesmo que cando escribo unha obra destinada para persoas adultas. Respecto a un e outro tipo de lectorado por igual e, polo tanto, a profesionalidade ten que ser idéntica. Mais no libro *Un animal chamado néboa* o proceso de escrita foi especialmente complexo debido á longa fase de documentación. Tamén porque tive que enfrontarme a episodios moi crus, desde as terribles prácticas dunha banda de torturadores afincada en Italia nos anos 40 ata as barbaridades que se producían nos campos de concentración ou a prostitución de mulleres en Mauthausen. Asumir que o ser humano pode concibir semellante grao de crueldade é complexo. Asusta.

– Manuel Bragado, director de Xerais, incluíu o seu nome dentro da que chama "Xeración da Esperanza" da literatura galega. Síntese pertencer a esa xunxunto? Que entende que comparte con todos eses autores/as?

– Desde logo, a esperanza necesítamola. Agora máis que nunca. E tamén a resistencia e o afán de seguir defendendo a lingua e a literatura de noso contra vento e marea. A lingua galega está vivindo un momento moi difícil: o número de persoas galegofalantes retrocedeu de xeito alarmante. A metade parte dos autores e autoras que Manuel Bragado encadrou nesa "Xeración da Esperanza" estudamos o galego desde ben cativas e temos unha relación de absoluta normalidade coa nosa lingua, cousa que non acontece na actualidade.

– Vde. tamén escribe poesía. A poesía xorde ou hai que ir na súa procura?

– Non creo moito nesa especie de iluminación espontánea. A min nunca me invadiron iso que chaman musas. Eu concibo a literatura en clave de traballo, de esforzo e dedicación. Non agardo a que as cousas surdan por si soas. Afróntoas, sen máis. Tamén na poesía.